

Programa Universitario de Maiores – Campus VIGO

Guía Docente: Curso 2024-2025

Información xeral:

Nome materia	Usos das plantas en Galicia		
Código /Tipo	IV31109 / Materia Optativa		
Titulación	Universitario/a Senior en Cultura e Sociedade		
Créditos ECTS	1,5	Total horas presenciais	15
Lingua impartición	Galego		
Lugar impartición	Aula 216 Edificio Anexo (Escola de Enxeñeiros Industriais), andar 2º		
Curso / Semestre	Primeiro/ 2 Cuadrimestre	Horario*	Martes 17:45-18:45 h
Coordinador/a	María Cabaleiro Alfaya		
Profesorado	María Cabaleiro Alfaya Adrián Melón Raña		
Correo-e	adrian.melon.r@gmail.com m.c.alfaya@gmail.com		
Observacións	Nº prazas: 24 Debido ás características da materia é imprescindible para o correcto desenvolvemento desta que o grupo de alumnos sexa pequeno.		

*Suxeito a modificacións por diferentes necesidades.

Obxectivos xerais:

- Preténdese reforzar a formación en materias relacionadas coa Bioloxía e complementar o coñecemento da biodiversidade e o aproveitamento sostible do medio natural por parte do alumnado.
- Preténdese que o alumnado adquira coñecementos relativos a plantas, relacionándoas cos usos dados polo ser humano ao longo da historia: comestibles, condimentares, medicinais, artesanía, actividades profesionais, ...

Metodoloxía docente:

Clases de Aula: exposición dos contidos previstos por parte dos docentes de xeito didáctico que permita a participación dos alumnos durante a clase.

Saídas de campo: visita a diversos espazos vexetais para a visualización de plantas e estudo da súa distribución no hábitat.

Contidos: Programa teórico

Tema 1	Presentación da materia, herbarios e traballos
Tema 2	Introdución á botánica
Tema 3	Raíz e caule
Tema 4	Folla
Tema 5	Flor e froito
Tema 6	Labiadas
Tema 7	Umbelíferas
Tema 8	Leguminosas

Tema 9	Compostas
Tema 10	Outras familias
Tema 11	Uso tradicionais das plantas en Galicia

Saídas de campo

- Saída de campo polos arredores do CUVI para a observación de plantas da contorna
- Saída de campo polos xardíns do Pazo Quiñones de León

Avaliación:

Asistencia e participación	O 70% da nota corresponderá coa asistencia da materia: 80% de asistencia=5 puntos, 90%=6 puntos e 100%=7 puntos.	70 %
Exame teórico preguntas de desenvolvemento	O alumnado que o desexe poderá solicitar a realización dun exame de cara a recuperar a puntuación perdida por faltas de asistencia, sempre que o docente o considere pertinente.	
Traballo individual	O 10% corresponderá cun traballo escrito referido á botánica terá un máximo de 10 folios (incluídas táboas e figuras) e ten que incluír a bibliografía utilizada. Escrito en letra arial 11 e a espazo 1,5.	10 %
Herbario	O 20% corresponderase cun herbario de 5 pregos con plantas identificadas polo alumnado.	20 %

Outros comentarios sobre avaliación e recomendacións:

Esta guía é unha programación didáctica con carácter orientativo que pode experimentar cambios en función de eventualidades diversas que poidan xurdir na súa posta en práctica.